

SINCRONÍA TEMPO E XESTO

Gonzalo Sellés Lenard

Ana Pérez Ventura

SINCRONÍA. TEMPO E XESTO

GONZALO SELLÉS LENARD
ANA PÉREZ VENTURA

MUSEO DO MAR DE GALICIA EN VIGO
Do 18 de febreiro ao 3 de maio de 2022

XUNTA DE GALICIA

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ | Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
ANXO M. LORENZO SUÁREZ | Secretario xeral de Cultura
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ | Secretario xeral de Política Lingüística
MARTA LUCIO GÓMEZ | Directora do Museo do Mar de Galicia

EXPOSICIÓN

FÁTIMA OTERO | Comisaria e crítica de arte
GONZALO SELLÉS LENARD | Idea, coordinación e deseño do proxecto
DIEGO TASENDE SOUTO | Montaxe e transporte
DIEGO FAÍLDE LEIVA | Deseño e maquetaxe vinilos e cartelería
TEÓFILO COMUNICACIÓN | Montaxe vinilos e cartelería
ACTIVIDADES DIDÁCTICAS | Equipo do Museo do Mar de Galicia

CATÁLOGO

EDITA | TEÓFILO EDICIÓNS
COORDINACIÓN | GONZALO SELLÉS LENARD

TEXTOS:

FÁTIMA OTERO
LUIS VALLE
LUIS ANTONIO VÁZQUEZ ESTÉVEZ
JAVIER BLANCO
EVA MONROY
GONZALO SELLÉS LENARD

POESÍAS:

LUISA CASTRO
JUAN BELLO SÁNCHEZ
LUIS VALLE

DESEÑO GRÁFICO, MAQUETACIÓN E REALIZACIÓN | TEÓFILO COMUNICACIÓN

FOTOGRAFÍAS:

ANA PÉREZ VENTURA
GONZALO SELLÉS LENARD
KIRSTEN MÜLLER

XESTIÓN E PRODUCCIÓN DO CATÁLOGO | TEÓFILO COMUNICACIÓN

SINCRONÍA TEMPO E XESTO

Ambiciosa exposición

A serie *Fuzzy*, luminosa, rítmica e secuencial, de Gonzalo Sellés Lenard (Ferrol, 1965), e *Études*, da artista establecida en París, Ana Pérez Ventura (Santiago de Compostela, 1981), ambas compostas por máis de trescentas pezas froito de varios anos de traballo.

Sincronía tempo e xesto é un proxecto inmersivo no que o espectador é o protagonista necesario para poñer en valor o proceso, o tempo e as variacións rítmicas que se establecen cando se repiten liñas ou un elemento vexetal, e así ata o infinito. Deste xeito, créanse pezas audaces, movidas e complexas que só se descubren na súa totalidade ao percorrer o recinto de exposicións temporais do segundo edificio do Museo do Mar de Galicia.

Nesta ambiciosa exposición, requírese da mirada expectante do espectador para deixarse atrapar polo ritmo do sumado no proceso creativo. Reclámase á comunión espiritual coa obra e co xesto de dous artistas que, malia que son totalmente orixinais, non esquecen a súa relación histórica coa música, coa poesía e coa arte, produto dunhas vidas cheas de acontecementos e de sucesos aleatorios.

Desde unha sabia pedagogía de técnica artística, inúndannos con territorios transcendentais e de rigorosa investigación para potenciar os sentidos e poñer a proba a razón, a través dunha xeometría ordenada que busca o equilibrio e a perturbación do que mira. O traballo coral no que se implican poetas como Luísa Castro, Juan Bello e Luis Valle inmortaliza o tempo intanxible do proceso creativo e potencia as posibilidades sensitivas e reflexivas nun mundo tan necesitado delas.

En resumo, paga a pena gozar e aplaudir esta exposición. Poucas veces concorren nun mesmo espazo dous artistas con tanta complexidade creativa e cunha folla de servizos ao servizo da cultura galega tan ampla.

Valentín García
Secretario xeral de Política Lingüística
Xunta de Galicia

Sincronía – Tempo e Xesto

Gonzalo Sellés Lenard | Ana Pérez Ventura
Febreiro / Maio 2022

Unha selección de obras pictóricas compostas cada unha por máis de trescentas pezas e realizadas ao longo de máis de dez anos conforman a serie *Fuzzy*, do artista vigués Gonzalo Sellés Lenard (Ferrol, 1965), e *Études* da artista afincada en París, Ana Pérez Ventura (Santiago de Compostela, 1981).

A mostra ***Sincronía - Tempo e Xesto*** inmortaliza o tempo intanxible do proceso creativo desde o recurso ata a representación. Valora o xesto, o proceso e as variacións rítmicas que se establecen mediante a repetición de liñas ou un elemento *ad infinitum* con efecto envolvente. A beleza inesperada xorde dunha técnica sabia e dunhas relacións compositivas sincrónicas relacionadas coa natureza, coa música e coa poesía.

Concibimos estes dous orixinais e conmovedores ámbitos, onde o tempo como concepto e as posibilidades visuais e comunicativas de secuenciación, repetición e recursos de reproducibilidade se abordan para espertar os nosos sentidos, transmitir sentimentos e xerar estados de ánimo.

Marta Lucio Gómez
Directora do Museo do Mar de Galicia en Vigo

SINCRONÍA – Tempo e Xesto

A exposición *Sincronía - Tempo e Xesto* xorde da idea suxerida por Gonzalo Sellés Lenard (Ferrol, 1965) de reunir nunha exposición a súa obra coa de Ana Pérez Ventura (Santiago, 1981). Na sala de exposicións temporais do 2.º edificio do Museo do Mar de Galicia confróntanse ambos os traballos, que xorden dun criterio organizativo e efecto estético construtivo baixo un halo de dimensión poética ou musical.

As similitudes e inquietudes artísticas entre ambos son moitas, xa que, aínda que pertencen a xeracións distintas, ambas as propostas remarcen o concepto de obra aberta do que falou Umberto Eco; están abertas á interpretación de quen observa. As pezas exhibidas teñen como ferramenta principal o debuxo e sitúanse no ámbito das prácticas conceptuais.

Os dous artistas van organizando os seus lenzos de maneira que crean no espectador un efecto de movemento e de volume do que realmente carecen. Se as liñas que traza Pérez Ventura teñen unha vida propia de tons musicais no tempo, a sistematización continua dun mesmo elemento expresa a vida interior do artista Sellés.

Ambos inmortalizan o intanxible da creación. Fano dende o recurso á repetición, como unha constante, porque en cada obra un motivo pictórico se repite *ad infinitum* poñendo en valor o xesto, o proceso, as variacións e o esgotamento de marcar liñas ou repetir un elemento vexetal incansablemente. Esa paciencia, insistencia e multiplicación do mesmo motivo como herdeira da noción de reproducibilidade benxaminiana produce a sensación de maestría e o labor creador como arquivo.

Despois de poñer a proba a paciencia dos executantes e a do propio espectador tras advertir a presenza de interminables liñas no caso da artista, ou as formas vexetais depredadoras do espazo no caso do segundo, recompénsannos cunha inesperada beleza.

Ambos ofrecen unha sabia lección de técnica artística e sincrónicas relacións compositivas. As interminables horas que Sellés lles dedica a debuxo, á composición e mais a conseguir poderosas paletas cromáticas que extrae do branco ao negro e aos grisies, ou os prolongados ensaios de Ana Pérez repetindo exercicios e pasaxes de partituras, froito da súa experiencia como pianista clásica, toman protagonismo absoluto nestas series.

O proxecto é unha alegoría dun anhelos pola natureza no caso de Sellés e pola música no caso de Pérez Ventura contra unha sociedade de consumo insaciable. Xorde coa idea de forxar conexións e experiencias interrelacionadas con outras disciplinas, como a música ou a poesía. Neste sentido, a exposición nítrese cun catálogo como prolongación temporal e espacial da mostra, que conta coa participación de recoñecidos poetas como Luísa Castro, Luis Valle e Juan Bello nun

proxecto coral que enriquece a exposición, engadido coa achega crítica de Luis Vázquez Estévez e do galerista Javier Blanco, co que Ana Pérez Ventura comezou a súa andaina expositiva fai anos.

A sincronía que se establece coas series *Fuzzy* e *Études* vén determinada porque son traballos, aínda en proceso, abertos. Sábese cando empezaron, pero non cando acaban; non pechan ningunha lectura, máis ben abren a experiencia do espectador e supoñen tan só un episodio máis do constante bucle que é o proceso creativo de ambos.

Formadas cada unha por case trescentas pezas e desenvolvidas durante máis dunha década, encerran horas, días, meses e anos de práctica pictórica, onde un elemento retórico envolve os aspectos máis formais da pintura. As series falan da posibilidade de demorar o tempo e ralentizalo, da pegada do manual e da importancia dun xesto como manifestación do temporal inevitable. Reflicten unha pintura lenta e lírica capaz de reter o tempo máxico da creación e que invita a desvelar o misterio da repetición como soporte de emocións.

Os dous indagan sobre cuestións espaciais, a sistematización, a acumulación e acerca das derivas do debuxo das circularidades dos procesos creativos, configurando unha produción cun forte carácter procesual.

GONZALO SELLÉS LENARD O artista ferrolán residente en Vigo, servíndose da seriación, prolonga dun xeito totalmente persoal o tempo, eternizando un instante. A longa serie *Fuzzi* iníciase en 2012 e chega ata o presente en máis de trescentas creacións. Baseándose no termo científico de lóxica difusa (*Fuzzy logic*), o autor ofrece o concepto de desviación a partir dun motivo dado. A unidade modular de Sellés vai medrando ata confundir a vista nun vaivén semellante ao do movemento cinético.

A súa filosofía baséase en manter os ollos abertos para atopar beleza en todo. Atópaa, o mesmo que Malévich, ata nunha semente. Como para o artista ruso, posuír unha semente equivalía a posuír o universo. A partir dese minúsculo corpo vexetal empeza Sellés o seu labor creativo, dende o núcleo da *vesica piscis*, esa mandorla pequena equivale ao froito natural da vida, a folla que atopa na contorna e que lle pasa case imperceptible ao común dos mortais.

O artista indaga no debuxo como punto de partida e concepto xerador de ideas. O rigor construtivo dun mesmo patrón repetitivo a base da adición sistemática de folla tras folla creada dun xogo de clarescuros denota tanto o coñecemento da pintura barroca como o xogo de luces e sombras que lles gustaban tanto a Tanizaki como aos minimalistas. Ese continuo devir de sabias mesturas tonais con negro de marte, verde de hooker e vermellón contrastados crean a ilusión de movemento, mentres a composición final nos sorprende con imaxes ou escenografías dunha gran potencia sensorial e evocadora.

Ás veces, as obras conforman grandes esferas como se dun espectáculo cósmico se tratase. Nesas masas cheas de miríades de diminutas gotas fulxentes que irradian luz radialmente, o autor manexa a dicotomía interno-externa para opoñer

tensións entre cargas visuais centrífugas contra centrípetas. Así, cando a mirada se detén no núcleo, a conciencia lévanos a un fóra. E, pola contra, cando o punto focal parece estar fóra, a vista lévanos a ocuparnos do que quedou dentro, xerando efectos de resonancias do Art Op. A pulsión de eros adivíñase nesas explosións seminais que tamén poden conectar co xerme da escena primixenia, cun big-bang de células vivas.

Sellés soña o que pinta. O seu soño e a natureza impenetrable que en última instancia destila unha mensaxe ecolóxica. Lonxe dos tópicos paisaxistas, as formas finais das súas composicións transfórmanse case nunha fluída escultura, incluso nun manual de fitoloxía fantástica, porque o aspecto fisonómico está a cabalo entre o visto na natureza e o soñado. Do subconsciente máis profundo emerxen torrentes dunha vívida follaxe que esvaran en impetuosas ferverzas de gotas moduladas dende un sutil xogo de sombras e luces.

“Voy a acostarme boca arriba y a envolverme en vuestros cortinajes, ¡oh refrescantes tinieblas!” Charles Baudelaire.

O que semellan forestas de natureza virxe resultan un engano para o cerebro porque albiscan o macro e o micro como unha mesma cousa. Esas cortinas fiadas con follas de exquisito debuxo, que deixan profundos baleiros no seu percorrido, nun desenvolvemento secuencial que conduce á composición, supoñen un sismógrafo tanto dos estados anímicos do creador como da súa particular recreación das categorías do sublime e do terrible tan ligadas á estética romántica.

O seu detallista traballo require unha extraordinaria concentración, por iso o artista se illa do mundo para internarse no seu propio ser. Entón emanan pezas pendulares que semellan botellas camufladas por suxestivas follas. Esas formas cotiás, herdeiras da iconografía pop, convértense en obxecto de desexo e fantasías que inevitablemente invitan a succionar e a sentir todo o aroma da natureza para que nos embriaguemos con ela.

Outras fitoloxías florais semellantes a dentes de león vagan pola obra como se fosen dispersando os seus particulares papos de sedosos brancos sutilmente, acariciando a pel do lenzo. Un delicado e exquisito motivo como estrelina xelatinosa transparente e tremente, ás veces forma colonias, sempre coa capacidade de xerar altas doses tímbricas, sutís e emocionais cando se pousan sobre a forza da acometida do vermello, aglutinante de paixóns e desexos ligados á intimidade.

A serie *Fuzzy*, dunha intensidade e extraordinaria beleza, e orixinal e conmovedora por espertar os nosos sentidos, vehicular sentimentos e xerar estados de ánimo.

ANA PÉREZ VENTURA Artista asentada en París, incorpora máis de douscentos cincuenta traballos que compoñen a serie *Études*. O título, con nome musical, alude aos *Estudos* dos que se serve todo compositor para dominar un instrumento. Eses exercicios tediosos e pesados, baseados en movementos circulares usados para interpretar o piano, pero trasladados ao soporte pictórico, definen a ampla serie.

Trátase dunha enxeñosa debuxante musical que expande en espiral unha liña continua que vai xirando, no devir enunciado por Heráclito, ata convertela en variación melódica como se dunha partitura se tratase. O motivo iconográfico da espiral coa firme vontade de ocupar o lenzo de parte a parte e durante moitas sesións é o seu leitmotiv na orixinal serie *Études*, na que o xesto pausado debe ser executado con destreza para conseguir a desexada animación rítmica.

No seu áxil debuxo, orde aritmética máis desorde combínanse dun xeito soberbio. Porque a simple vista, con aparente desorde xerada polo que semellan unhas impenetrables marañas de fíos trazados coa punta do seu particular *stilus* (rotuladores de acrílico), a artista ordena capas, varridos, e distintos estratos que rabuñan a superficie. O efecto final tradúcese nunha analoxía cor-música, xa que nun efecto sinestésico a súa técnica consegue xerar vida propia nos variados tons das súas composicións musicais, como aconsellaba Kandinsky.

Ana Pérez aspira a que a cor sexa percibida polo oído, por iso practica a mestura de cores por gamas e combinacións destinadas a elevar o espírito, a alcanzar estados de calma ou excitación. As pezas desenvoltas en fríos azuis conducen a paisaxes celestes que fan sentir a infinitude cando o ton imperante son as gamas de brancos e degradados azuis. Pero, ás veces, cando conxuga calidoscópicos tons rosados ou dourados en estruturas escintilantes de raíz psicodélica, invitan a sentir a cadencia pictórica de determinadas melodías que a artista descontextualiza con fins estéticos.

En calquera caso, o espectador sente a necesidade de resolver a técnica *all over*, desenmarañando a superficie ou penetrando no interior da parte introvertida, íntima do proceso que leva a crear a música inmortalizando ese tempo. Cada unha das súas pezas, xa soas en formatos tondos ou compoñendo polípticos, nótrense de transparencias, superposicións de liñas e veladuras para xerar ámbitos flotantes de aparencia vaporosa e embriagadora, que conseguen somerxer o espectador nun *totum revolutum* moi espiritual.

A autora atrapa o tempo que se emprega en facer música nun orixinal e curioso reto. Como se fose un metrónomo humano, engole círculos e máis círculos de pintura que saen tanto do automatismo psíquico coma dunha orde moi racional, formal e elegante. Esas madeixas achegan un sentimento de liberdade moi ligado ao automatismo surrealista, pero non se reducen a un mero garabato descontrolado ou sen finalidade similar aos espontáneos raiados infantís. A parte máis importante do seu discurso vén ligada a unha orde moi racional, formal e elegante mediatizada pola ardua aprendizaxe da súa vida de pianista.

As tediosas e reiterativas liñas xiratorias translocen, ademais das súas obsesións, as vivencias do pasado, os achados de artistas como Pollock e as súas composicións curvilíneas usando o seu propio corpo. Neste sentido, Pérez Ventura redefine a pintura de acción de acordo con eses códigos da práctica musical que supoñen toda unha novidade plástica. Aínda que a compostelá se serve do simple xiro de pulso nos pequenos formatos, cos de maior tamaño emprega o total desprazamento corporal.

A súa evolución artística orientada á serialización foi deixando lixeiramente de lado a cor e dándolles protagonismo ás liñas e puntos sobre a superficie, pero sempre aspirando a que a praxe musical xamais se borre da pintura, sabendo que se crea dende o inmaterial e o impalpable. Esta singular creadora converte a música nunha pintura de movemento cósmico e universal que actúa de xeito máxico sobre o espírito do espectador.

Atopámonos, en definitiva, ante dúas orixinais traxectorias da arte galega realizada dende Vigo e París, que enriquecerán a oferta cultural na nosa terra e sorprenderán os que non as coñezan.

Fátima Otero
Santiago de Compostela
Doutora en Historia da Arte

“Il faut être léger comme l’oiseau...”. P. Valery

DE LEVITATEM

Luisa Castro

I

Faltoulle ó Tempo unha esquina onde repousar
Un relanzo, un engado onde respirar
Unha mera superficie
convocada no irrepitable
coma unha malla que se desfai
sen principio nin fin.

Unha rede botada ó ar
E por iso tamén cobixo
nin para ti nin para min
senon para o voar.

¡Ese era o noso teito!
Sen rédito nin ganancia
Tan enteiro no valeiro
¡Iso era navegar!

II

Todo o que florece agarda
O que se abre agroma
o que agarda afonda

Todo o que voa rema
Coma un paxaro

O que se abre crea
unha vertical
desde o núcleo
unha resistencia

E xira o Tempo nese vector
Ventilador de sombras

Suavidade no circular
Viaxe do si e o non

Promesa terna que se desfai
E se reitera

Todo o que agarda estala

Todo o que cala aluma.

III

E tamén coma a pruma

De paxaro que se pousa

Sen pousar nunca

Coma o Tempo que estoupa

-Branca floración de espuma-

Sen estourar

Luis Valle

*Su vocación de perderse en los senderos
no era un acto de distanciamiento,
sino de búsqueda.*

Héctor Schmuckler

Dispóñome a falar nestas notas de *Étude e Fuzzy*, series desenvoltas ao longo destes últimos anos por Ana Pérez Ventura e Gonzalo Sellés Lenard, que forman parte de *Sincronía. Tempo e xesto*, unha mostra comisariada por Fátima Otero e exposta no Museo do Mar de Galicia. Trátase de extensos conxuntos plásticos de especial relevancia na traxectoria de ambos os artistas, onde se aborda o tempo como concepto e as posibilidades visuais e comunicativas dos recursos de secuenciación, repetición e reproducibilidade.

Non pretendo realizar —se cadra tampouco sería quen— unha análise estética exhaustiva arredor do feito artístico que supoñen ambas as dúas series; compartirei, xa que logo, unhas cativas reflexións centradas na composición, a lectura persoal, a sensación e a memoria, ao redor dunhas obras nas que o exercicio do xesto gráfico condensa a intención e a praxe artística tanto da compostelá coma do ferrolán.

ÉTUDE

*Parece sea el sentir del tiempo mismo
el que se derrama musicalmente
sobre el sentir de quien lo escucha.*

María Zambrano

Afirmaba con convicción o compositor Richard Beaudoin, nunha conferencia impartida na Universidade de Harvard o 4 de marzo de 2011, que a música difire das outras artes na súa natureza temporal. Explicaba isto sinalando que cando a música deixa de soar xa non está plenamente aí, de xeito que só é posible percibila como experiencia vital plena no momento en que esta se concreta no tempo. Imaxino que un desenvolvemento prolixo, vagaroso e intelixente desta reflexión feita por Beaudoin e expresada aquí de modo sucinto é o que, en último termo, marca a necesidade da execución da serie *Étude* para a pianista e artista visual, Ana Pérez Ventura.

En concreto, Pérez Ventura indaga e expande materialmente en *Étude* o vínculo existente entre a música non vocal e a pintura. Así, a pintura e a música actúan na praxe artística desta creadora de xeito contrapuntístico nesa pescuda dos significados relacionais do son e o tempo. Indagación que se proxecta e organiza de xeito cadencioso e estruturado, ben no tempo ben no espazo bidimensional, mediante diferentes recursos entre os que destaca a repetición xestual.

Secasí, este proceder analóxico, a *amplificatio* visual que supón a serie *Étude* respecto ao seu adestramento técnico no eido pianístico non queda, ao meu ver, nun exercicio, senón que produce obras pictóricas procesuais dun acreditado valor estético e espiritual; por canto nelas se pode, de feito, escoitar a música e *contemplar* pasivamente o tempo a través deses círculos que medran desde un centro inmóbil, *percutindo* sinestésicamente no oído. E mesmo alén, no alento de quen contempla.

Avanzando por este camiño, cómpre dicir que a pintura de Pérez Ventura é exercicio musical no tempo, analoxía e transposición visual dun estado creativo de seu. Trazo exhausto, mais preciso, prolongación e duración do xesto manual sobre o soporte, desenvolvemento regular, rítmico e rigoroso da liña e a veladura até o extremo conformativo do cadro; primeiro, como obxecto artístico e logo como obxecto estético, como *étude* concluído na súa recepción e gozo do espectador; por un intre, se cadra, alleo ás perturbacións e derivas do pensamento.

No que respecta ao marco conceptual, este semella bastante sinxelo nas súas bases. De feito, quedou certamente explicado hai máis de cincocentos anos por Leonardo da Vinci cando, nos seus *Cadernos*, o mestre toscano *debuxaba* o

tempo comparándoo con definicións xeométricas, de xeito que primeiro consideraba a relación entre o *punto* e o *instante*, logo trazaba unha analoxía entre a *liña* e *duración*, e finalmente, sinalaba as concomitancias entre o concepto de *proporción* e *harmonía*.

Malia todo, cumpría darlles forma concreta a estas nocións e ideas, situando o debuxo e a veladura —a vibración dobre da liña e a cor— no coñecido regazo do soporte plástico; algo que ao longo destes últimos anos, en sucesión de escrituras e reescrituras, realiza, con cadencioso xesto, gusto e precisión, Ana Pérez Ventura.

De feito, ollando por vez primeira —grazas á xenerosidade do galerista Javier Blanco— dúas pezas de *Étude* veume á cabeza unha pasaxe do libro *El cuerpo de los símbolos*, de Antonio Gamoneda. Afirmaba aquí o poeta: “Estoy delante de una cuartilla en blanco y he escrito una línea casi al azar; no, no puede ser el azar: tiene un motivo, pero yo lo desconozco; hay una pulsión que yo no sé a dónde va. La línea crece y quizá no va a ningún sitio, pero tiene ya una doble virtud: concierne a mi vida y también a una *sustancia* musical”.

Non cavilaba xaora Gamoneda cando falaba do seu propio quefacer poético na plástica de Pérez Ventura —artista da que quizais descoñeza a súa existencia—, pero describe, ou polo menos sinto que describe, un estado de ánimo e unha actitude compositiva consonte a que me produce a contemplación da obra desta.

Pero, por que me acontece isto? E por que o xulgo así? Penso que a razón estriba en que ambos os dous actúan e crean metodicamente nos límites da linguaxe e do sentido. A súa *estética* é, ao tempo, unha *poética*: xesto verbal, musical ou plástico á busca da beleza mediadora e da claridade, do equilibrio —permítanme concibilo así— entre eternidade e intimidade.

FUZZY

*O que miras con detemento parece
mirarte a ti, de aí as aparencias falsas
e verdadeiras da natureza.*

Gerard Manley Hopkins

Deixou escrito René Char de Jean Villéri que este é “un pintor que lanza sementes”. No caso das obras de *Fuzzy* de Gonzalo Sellés Lenard, diría que estamos diante dun mediador observante, daquel que testemuña o estado xeral dos froitos apiñados do crecentemente caótico tempo que nos é dado vivir.

Ofrece Sellés Lenard froitos cun carácter variable, dispostos nun espazo descontextualizado e dos que descoñecemos as súas circunstancias especiais; onde a lóxica difusa (*fuzzy logic*), que o propio autor escolle para nomear a serie, funciona como ferramenta heurística que non evita —imposible que o faga entre as miríades de proposicións non completamente certas nin falsas que decote nos abafan—, o marasmo das interpretacións.

Fuzzy dispón ante o espectador unha impresión concreta, illada e pregnante, en moitos casos dun motivo vexetal que afunde no negro, no baleiro ou na cor plana. Nela recoñécese a vida e suxírense as condutas, modulacións e ritmos naturais. Neste sentido, igual que no caso de *Étude*, adivíñase en *Fuzzy* un proceder material centrípeto e indagatorio, asociado aquí, en moitos casos, á filotaxe botánica, coa súa teimuda repetición de motivos constituíntes á busca do equilibrio fisiolóxico, e na que o sentido do belo agroma como comparación entre o semellante.

As pezas desta serie amosan, entre outras, certas similitudes formais con algúns debuxos relativamente temperáns de Meret Oppenheim, como *Gerestimme* (1945) e, persoalmente, gozo asociándoas ás delicadas e penetrantes descrições que o poeta vitoriano Manley Hopkins fai nos seus diarios de diferentes especies vexetais; cando nos fala das follas a medio abrir das acedas “coa súa escritura verde de letra fina”, dos fentos peiteados en vertical ou das madre selvas colocadas nun vaso, das que admira “a aparencia de luz, como de estrelas”.

Desde o fragmento e a elección da perspectiva, Gonzalo Sellés crea obxectos estéticos sintéticos, case hipóteses pictóricas do acto natural, a circunstancia e o azar. As formas vexetais, axilmente repetidas e permutadas por Sellés a través do debuxo e da pintura, establecen unha certa orde e grao de beleza e verdade na súa dobre calidade figurativa e morfolóxica, creando así estraños lugares onde, ao meu ver, parafraseando a Zambrano, se vive sen pretensións de posuír.

Todo isto acontece desde a figuración daquilo que —especulo agora— podería ser planta sacra —digamos, por exemplo, a cicuta— ou fiúncho florecido polo verán coas súas umbelas amareladas; motivos aos que o pintor lles subtrai o ton e a expresión, eliminando así a súa natural beleza cromática, mais subliñando, a través da pincelada, as extraordinarias regularidades e analoxías formais en pétalos, estames e estiletos; formas que, ás veces, deveñen símbolos, como desencantadas figuras de *vesica piscis*, soles ou menhires, mais nas que aínda a propia pintura é a realidade principal, o principio e a fin do camiño.

CODA

Para rematar, gustaríame só apuntar que as dúas series comentadas nestas notas representan achados substantivos na traxectoria de ambos os artistas e provén o espectador dun vizoso horizonte estético e dialéctico aínda por desenvolver. Un horizonte que, como non pode ser doutro modo, convido a perseguir, contemplar e compartir.

Algo miúdo. Aforismos, haikus e un poema

(En diálogo coa obra de Gonzalo Sellés Lenard)

Juan Bello Sánchez

Sopro un dente de león. Todo, arredor de min, é pasado.

*

Tamén o pasado ocorre. Alguén pisa no camiño as pegadas doutro.

*

Renxer de follas secas baixo os pés. A memoria ten a súa forma de chamar por nós.

*

Pende dunha póla o sol. Logo diso atardece.

*

Pingas de orballo mollan a herba, moi cedo. Ninguén sabe como protexer aquilo que máis lle importa.

*

Perdín un camiño e atopei outro. Ou foi só o vento movendo as pólas das árbores?

*

O camiño une dous puntos que ninguén antes unira.

*

Noite de inverno:
as estrelas escóitanse
cando está escuro.

*

O sol moi cedo:
pensamento esquecido
entre a néboa.

*

Outono: caen
das árbores as follas.
Ou son os días?

*

Sol tras as nubes:
a fortuna do día
faise esperar.

*

Cara onde levan
as pegadas na area?
Son só lembranzas.

*

Cabalo canso:
o tempo no reloxo
sen se mover.

*

Media mañá:
quere saber de min
a miña sombra.

*

Calados imos
por camiños de terra:
só somos po.

*

Lento horizonte:
a mirada atopou
por fin un barco.

*

Esperto cedo:
miro nas miñas mans
escuridade.

*

Busca, di o sol.
Mais todo o borrará
se chega a noite.

*

Segue a bater
o vento: máis preguntas
sen responder.

*

Baixo esta bóveda celeste
só hai dous corpos.
Todo xira en torno a eles.
Son o centro
don que non ten centro.

Non hai horizonte.
O horizonte é
unha liña imaxinaria.
Unha liña para medir
o que separa os corpos.

Baixo esta bóveda celeste
o desexo e a distancia
camiñan de mans dadas.

Obra pictórica de Gonzalo Sellés Lenard – *Fuzzy*

Na serie *Fuzzy*, o espectador pode elixir a mera observación activa, condicionada polo seu estado anímico ou polo simple movemento físico da súa cabeza, que determina a posición dos ollos. É unha actitude exenta de emocións, puramente empírica, unha especie de *praxis op-art*. Pero, por outra banda, pode mergullarse nas coordenadas espazo/tempo do lenzo, ben entendido que o tempo non se pode concibir como un concepto autónomo e independente do concepto espazo, e desprezar finalmente todos os seus recursos empáticos –a empatía é un principio de actuación ante a abstracción– para atrapar a obra e transcendela nun estado contemplativo.

Velaquí a vontade evidente de Gonzalo Sellés Lenard de representar o tempo en forma física, a pretensión de capturar materialmente o intanxible, con base en pinceladas firmes e minuciosas, de ningún xeito azarosas. Roman Opalka xa o pretendeu hai moitos anos, co seu acrílico sobre lenzo *Opalka 1965/1*, nunha sucesión de cifras ou os números que estas representan, coma se fose un *horror vacui* espacial.

Se partimos do modelo matemático do espazo-tempo, dous observadores medirán tempos diferentes para o intervalo entre dous sucesos, dependendo da velocidade relativa dos ditos observadores. O tempo está ligado ás tres dimensións espaciais e atopámonos ante soportes pictóricos bidimensionais que representan necesariamente a tridimensionalidade.

Cabe preguntarse se esta serie anda a cabalo entre a abstracción e a figuración, pois podemos observar figuras identificables ou imaxes recoñecibles –vid., natureza orgánica como pétalos-flores, follas-arbustos– cando menos anfiboloxicamente e, por suposto, esa idea intanxible, á que antes aludín, captada fisicamente, máis propia da abstracción pictórica.

Se na concepción platónica da arte, esta imita a natureza, na obra de Gonzalo Sellés Lenard opera unha ruptura do principio de coherencia representativa, malia que a natureza sempre está presente na lóxica e na forma. E non esquezamos que o equívoco sempre está aí, pois diso se trata. Outros artistas, como Giorgione *As Tres Idades do Home* ou Dalí *A Persistencia da Memoria*, ou incluso as *vanitas* barrocas, representaban figurativa e simbolicamente o tempo ou, máis ben, o paso do tempo.

Poderíase pensar que existe unha estrutura causal, dende un punto de vista topolóxico, porque esas pinceladas tan exactas se expanden vectorialmente cunha forza centrífuga, dando lugar a un universo de formas ou estruturas diversas; todo isto nun intento de representar de forma finita o infinito –así nos círculos ou esferas que aparentan movemento

espacial— ou simplemente o finito —formas pechadas— ou estruturas fixo-descontinuas —arquipélagos— ou a completa ausencia de baleiro —estrutura vertical sobre vermello— onde o estatismo e a unidireccionalidade son evidentes, ou o *horror vacui* de forma sen fondo, onde o movemento vén marcado pola dirección caprichosa das pinceladas.

A seriación/repetición dun motivo é un modo de actuar sobre o lenzo ritmicamente e, como no *Bolero* de Ravel, mantense a mesma melodía en toda a peza, só cambia a instrumentación e, polo tanto, a textura da música. A técnica e o método de Gonzalo Sellés Lenard xera formas simples e complexas sobre o lenzo, concavidades de silencio, movemento ou estatismo, como a mesma acción da natureza, follas que caen e se depositan aleatoriamente sobre o húmido chan, e incluso se superpoñen unhas sobre outras, ou follas perennes que crecen irregularmente.

Tamén observamos un contraste entre un fondo neutro (negro/vermello), o baleiro e a materia, a delimitación do espazo pola materia, ao modo que Carl André o facía coa escultura horizontal de materiais de construción. É patente a tensión entre o espazo, o tempo e os modos de representación e presentación. E é definitivamente evidente nese “libro sobre tapete vermello”, que xa traspasa os límites da pintura e segue xogando con máis intención ao equívoco nunha escultura horizontal que delimita un espazo claramente definido, onde o libro se identifica por ese xogo de follas en movemento. E —¡que curioso!— o libro é un obxecto de follas que pasan, onde tanto se plasma a gloria dos homes como se deixa que transcorra e se relegue ao esquecemento, ou quizabes non, nun *flashback* intencionado. A arte conceptual que sitúa o obxecto físico nun plano secundario, potenciando a idea, tamén está presente nesta obra concreta, aínda que aquí está mitigada pola presenza protagonista da foto de portada.

Debemos, por outra parte, ter en conta que a arte é unha disciplina global, tanto xeográfica coma historicamente, e así hai que manexala e entendela. É por iso que debo acudir aos conceptos estéticos da cultura xaponesa para definir con máis precisión a obra pictórica de Gonzalo Sellés Lenard.

A beleza da imperfección ou a calidade da beleza fuxitiva, asimétrica e irregular é *wabi sabi*: a contemplación extática da natureza ou a observación dun mesmo motivo en momentos sucesivos. A obra de Gonzalo Sellés Lenard ensínanos a contemplar ese anaco de natureza, albiscando o paso do tempo e o mesmo o concepto do tempo.

Dicía Sigmund Freud que “a cultura descansa totalmente na coerción dos instintos”, por iso existen actos de sublimación que nos ensinan a redirixir as nosas enerxías a ámbitos que non sexan terra baleira. A obra de Gonzalo Sellés Lenard é un médium de conexión coa natureza encriptada, con códigos que pasan inadvertidos *prima facie*.

A beleza da sutileza pódela observar o espectador neses pétalos-follas que crean estruturas ou microuniversos cunha lóxica latente. A delicadeza da pincelada minuciosa e rítmica converte o pincel nunha batuta que fai soar o vento ou plasma o silencio elocuente. *Yugen* é un fermoso termo xaponés que expresa literalmente: “Un sentido profundo e misterioso da beleza do universo... e a triste beleza do sufrimento humano”.

Unha cuestión importante, relacionada coa sutileza e co desprendemento de todo aquilo que resulte superfluo, é a limitación da paleta cromática. Esas pinceladas de branco luminoso, case con luz propia —como aquel branco místico de Zurbarán— dotan o lenzo dun poder para atrapar o espectador no seu enigma. Hai tamén pinceladas de branco roto ou gris cinza, que logran construír un espazo de penumbra. Por outra parte, o fondo negro ou vermello non é un elemento banal, senón todo o contrario, complementario e necesario na composición de opostos.

É un principio do budismo zen que a impermanencia das cousas é beleza; velaquí que os comezos e finais dos procesos das cousas sexan particularmente belos. Nos lenzos de Gonzalo Sellés Lenard maniféstase ese proceso e a capacidade de sentir e comoverse co efémero.

Contemple o observador-partícipe —non dun espectáculo, senón dunha vivencia íntima— os lenzos de Gonzalo Sellés Lenard como un lugar onde refuxiarse como un eremita, propiamente un refuxio —“Oda a la vida retirada” de Frey Luis de León—, co fin de emprender unha clase de busca da verdade tinxida de tempo. Deste xeito pode sentirse o son do vento e a súa axitación e, de súpeto, a calma.

Se ao contemplares estes cadros, ti, espectador-partícipe, achas a imaxe da túa propia nudez, consigues xerar en ti ese lugar de baleiro, exento de epítetos, a obra de arte estará viva, será arte viva, que expira e exhala un hálito de vida interior.

Humíllate na contemplación, incluso até acadar o nivel das cousas máis insignificantes da natureza e a súa luz iluminará a súa face. Así o dicía nun dos seus haikus ou poemas pictóricos —“Ut pictura poesis”— Yosa Buson:

*As flores caídas da ameixeira vermella
Parecen estar a arder
No esterco de cabalo.*

Luis Antonio Vázquez Estévez
(Licenciado en Historia da Arte, patrimonio artístico)

Non hai azul para afogar o amor. [...]

Entre nós, arde o bosque.

FUZZY

Trona, o merlo

empoleirado no caínzo
mira ao ceo.

Solpor. A nube

sen ti pasa en silencio.
Medra o bosque.

Solpor. A nube

sen ti pasa en silencio.
Medra o bosque.

Última luz

Latexa a serpe
na herba seca.

Ollando as oucas

esa libélula pintoume
un ollo de negro.

Xea na gaiola

O ouriolo chama pola flor
dentro da rama.

Luís Valle

Para que eu beba (Barbantesa, 2017)

ÉTUDE

Calas e esqueces

pendente da claridade
entre dous mundos.

Acesa e triste

no pedernal do pranto
canta a chicharra.

Cego, na creba

o escarabeidos escoita
medrar a herba.

Subitamente

o caracol enfermo
move a terra.

Ulo a neve fóra

do último vagón.
O tempo está cheo.

Luis Valle

De Trona, o merlo (Barbantesa, 2015)

RITO ÓRFICO

Central Park, 2016

[...] Metín a man na terra
e chorei por riba do teu tempo
reloxos de area
para sempre
e finísimas
agullas de neve. [...]

*

DE NOVO, A LUZ —

nostálxica,
a luz— atravesa as
hortensias
urdindo un camiño
até a mancha branca.
[...] Logo, danza cara atrás
para desenxamear o deserto
e subtraerlle ao tempo
as primeiras pedras.[...]

[...] SER VAINA DO SÍMBOLO,

leve rozadura do anzol
na lingua: anagoxía
do amor
cando as parras sangren
co alento da luz e
o espírito retroceda da
palabra
cara ao esquecemento
do inexpresado.

*

ALTO RESÍO, PRATERÍA

de formigas
polo ceo
coma pegadas de penuxe
espertan
os teus pés mortos.
[...] Escoitas
o branco riso das estrelas?
Escóitalo? [...]

NOSTALXIA: precario instante
sen paredes, sen astros. [...]
Un anxo descólgase polo espello
cara a unha morte
que xa non lle pertence.
[...] Dá voltas
arredor dunha flor inexistente,
azorado pola luz. [...]

Luis Valle
De Óstraka (Galaxia, 2019)

Unha cuestión de tempo

Javier Blanco

A quen non lle gusta asistir a un concerto en directo, quen non quedou fascinado ante unha interpretación exquisita. Aínda tendo talento, tocar ben un instrumento require moita disciplina e dedicación, se trata dun piano, ben, quizais igual, aínda que os pianistas poderían opinar outra cousa. Tocar un instrumento musical supón que o cerebro aprendeu multitude de movementos físicos que implican fundamentalmente as mans, pero tamén o resto do corpo, ademais de poñer en funcionamento millóns de conexións cerebrais. Para que o inanimado instrumento se converta en algo vivo, nunha extensión do corpo e alma do músico, este último ha de transitar por un escabroso camiño, sobre todo pasar innumerables horas repetindo exercicios, repetindo pasaxes de partituras que se converten en xestos sobre o instrumento, ata dominalos. Esta é a parte física da música, a ximnasia que poñerá en forma o músico para que saia ao escenario a dalo todo.

A miña faceta de galerista esíxeme unha mirada escrutadora de todo o que acontece no mundo da arte. Ver exposicións, asistir a feiras, estar ao tanto de publicacións de interese, visitar estudos de artistas, navegar polas súas webs ou seguir os seus perfís nas redes sociais, permíteme crear a miña propia cartografía dun mundo en constante evolución. O motivo, quero dicir, o que me motiva, é a esperanza de atopar algo que se aparte, aínda que sexa un chisco, do xa coñecido. É realmente emocionante o momento no que te atopas fronte a unha obra de arte que te detén e que te obriga a facerte preguntas. Iso ocorre cando vin por primeira vez unha obra de Ana Pérez Ventura e, a pesar de impactarme polo seu valor estético e formal, sentín desconcerto. Pregunteime como era posible que unha artista cunha sólida formación en Belas Artes e en música pintase uns cadros tan simples a primeira vista. Unhas marañas de liñas superpostas que enchían un lenzo. Veume á cabeza o que podemos facer calquera de nós se temos un bolígrafo e un papel cando, por exemplo, falamos por teléfono. Pensei que, oculto tras ese recurso plástico no que a liña e a cor eran os protagonistas, había un porqué. O meu olfacto dicíame que non podía ser algo tan trivial e que, sen dúbida, escondía algo máis profundo.

Cando a coñecín e lle preguntei que había detrás daquelas marañas de liñas, Ana resumiuno dicindo que non era máis que un medio para atrapar fisicamente o tempo intanxible da música. Vaia!, recoñezo que naquel momento quedei un pouco perplexo, aínda que a medida que me ía contando íase abrindo diante dos meus ollos a profundidade de todo o que se agochaba tras aquelas pinturas. Os garabatos de cores sobre un lenzo adquirirían sentido. Dalgún xeito, o conglomerado de liñas circulares, que eu xa empezaba a ver ordenadas e pautadas, tiñan un “porqué” e, ademais, servían “para” unir dous mundos aos que ela pertence, a música e a pintura, para que a través dun comprendésemos mellor o outro. O tempo intanxible dedicado polo músico ao estudo é rexistrado nun lenzo. Ese tempo efémero, inmaterial e etéreo faise visible. O tempo, que é o elemento que define a música, queda atrapado no espazo, que é o que define a

pintura. O aparentemente simple convertíase en algo complexo e tremendamente interesante, adquirindo outra dimensión. Entendín o significado de “atrapar fisicamente o tempo” e pareceume brillante o camiño que elixira.

Algúns grandes compositores escribiron “estudos”, partituras dirixidas á aprendizaxe do instrumento. Partituras, ás veces, aburridas, tediosas e desalentadoras, pero cunha finalidade, o estudo. Cando coñecín a Ana levaba case dez anos pintando os seus *Études*, de diferentes maneiras, partindo de diferentes padróns e utilizando diferentes ferramentas e materiais, pero sempre co mesmo fin, cun rigoroso método e cunha produción exquisita. Trazando padróns gráficos de carácter circular, coa conciencia e a medida do metrónomo, do mesmo xeito que fai cando interpreta no seu piano unha e outra vez as partituras, coas súas pequenas variacións, Ana captura o tempo dedicado ao proceso de estudo. Así, repite os padróns gráficos sobre o soporte en capas superpostas separadas por sutís veladuras, deixando ver os anteriores, tantas veces como normalmente ha de repetir unha partitura para que o seu cerebro aprenda. Non trata de representar a música a través da pintura, senón de fixar visualmente o tempo investido na práctica musical, o mero proceso físico da música, creando ademais obras equilibradas e vibrantes, dunha beleza cativadora que inevitablemente nos atrapa cando nos poñemos ante elas.

Neste proceso de investigación artística ao redor da relación entre a música e a pintura, Ana Pérez Ventura atopou a fórmula para canalizar aquilo que dota de sentido a súa vida, sen segregarse, unindo todo o que forma parte do seu ser. A pintura e a música, as súas dúas grandes paixóns, discorren por unha mesma senda. Non só pintou máis de douscentos cincuenta *Études*, benditas obsesións, tamén os *Neumas*, dedicados aos famosos *Estudos para Piano (Opus 10 e Opus 25)* de Frédéric Chopin e que hoxe forman parte da colección do Centro Galego de Arte Contemporánea, os *Notages* ou as *12 Escalas Maiores*, todos eles protagonizados polos debuxos que nacen das liñas melódicas das partituras, pinturas dixitais, é dicir, pintadas cos dedos seguindo a orde e a medida das notas, ou instalacións como a dos *100 Metros de Do Maior*. Sen dúbida, para ela a música e a pintura necesitanse sen condicións, a súa relación íntima convértese no motor dun traballo único e xenuíno que reflicte as inquietudes dunha artista cunha complexa e interesante voz propia.

Nunha ocasión comentoume Ana que, unha vez finalizado o COU por ciencias puras, a súa familia suxeríulle que estudase unha enxeñería. Sería o lóxico polo seu brillante itinerario académico. Podo imaxinar ese momento tan transcendente no que te enfrontas por primeira vez á vertixe de decidir, acertada ou erroneamente, o futuro. Non dubido nin por un instante de que fose unha magnífica enxeñeira, pero, se así fose, quizais perdésemos algo moi importante, tanto que tan só ela o podería crear.

Post scriptum

Alguén dixo que non é necesario entender a auga para gozar nela dun refrescante mergullo. Canto máis queremos entender menos gozamos do que temos diante. O gozo está na sorpresa e a fascinación que nos produce un coello que sae dunha chistera que antes estaba baleira. A iso chámase maxia. O menos importante é o truco. O “como” só lle pertence ao mago, á intimidade do creador de ilusións. Así que espero que se esquezan do escrito no texto anterior e cando estean diante dunha obra de Ana Pérez Ventura que se deixen levar polas súas emocións e, sobre todo, gocen.

Foi azul. Poemas

(En diálogo coa obra de Ana Pérez Ventura)

Juan Bello Sánchez

1
Herba move o vento, borda o pé.

O ceo énchese e baléirase.
A marea
non repara zapatos.

2
O mar
enche de auga
a auga.
Son máis fermosas
as árbores
cando perderon
todas as súas follas.

3
Todos os ríos
arrastran a súa Ofelia
e as súas árbores rotas
e os seus peixes de prata.
Todos.

*Onde fuxir entre a rebeldía inútil e perversa?
Estou asediado. O azul! O azul! O azul! O azul!*
Stéphane Mallarmé

4

O río non camiña,
déixase levar:
un vello farrapo azul cruzando as mans das lavadeiras.

5

O ceo tan ancho,
tanto que podes preguntarte
ata cando seguirá a ser
o atardecer
unha camisa desabrochada?

6

Obradoiro de poñentes.
Os arquitectos non souberon
interpretar o mar.
Trazaron o horizonte
unindo a voz azul
dos farois.

7

Orballo,
cuspidura da tarde.
A infancia cheira a mandarinas,
o ceo segue a ocorrer.
A chuvia é máis difícil de apreciar
impresa no formigón.

8

O paxaro deixa no cable
un anaco do seu voo.
A ribeira deixa nas pegadas
corpos baleiros.
Afastarse é
camiñar máis amodo.

9

As fiestras
pintadas de azul,
o cheiro
das castañas asadas.
Os nenos –pensei–
son gaiolas
que encerran paxaros
que voan
libres.

10

Nos balcóns,
cravadas,
lúas azuis.
Incluso o efémero
atopa o seu espazo.
Incluso o vento sopra
nos salóns sen ninguén.

Gonzalo Sellés Lenard e Ana Pérez Ventura: a textura da pulsión percutida no lenzo

Luis Antonio Vázquez Estévez / 26 feb 2022 / 01:00 / *El Correo Gallego*

Os artistas plásticos Gonzalo Sellés Lenard e Ana Pérez Ventura presentan, no Museo do Mar de Galicia en Vigo, unha exposición conxunta da súa recente obra pictórica *Sincronía, tempo e xesto*, que permanecerá aberta ao público desde febreiro ata maio do 2022.

A *pulsión*, como concepto psicanalítico, é unha enerxía psíquica que impulsa o suxeito a executar unha acción cun fin. *Pincelada*, segundo a RAG, é “trazo ou golpe que o pintor dá co pincel”. En ambas as series pictóricas —*Fuzzy* e *Études*, de Gonzalo Sellés Lenard e Ana Pérez Ventura respectivamente— as pulsións sucesivas dun momento creativo plásmanse a través da pincelada, que percute o lenzo, no sentido literal da palabra. Gonzalo, a base de pinceladas firmes, minuciosas e rítmicas, converte o pincel nunha batuta que fai soar o vento ou reflicte o silencio elocuente. Ana, a base de círculos xestuais dos seus *Études* de piano, constrúe un microuniverso partindo da experiencia dun instrumento que é de corda percutida.

“*Ut pictura poesis*”, dicía Horacio. A música é a arte do *patterning* tonal, dicía Ernest Gombrich; algo así como un estampado de tons, parafraseando. Pintura, poesía, música son disciplinas que se complementan e imbrican naturalmente, con fluidez. Isto é nesta exposición a dúo máis evidente ca nunca.

Ambos, Gonzalo e Ana, pretenden captar o tempo —concepto intanxible e tridimensional— a través da dinámica da pincelada, o movemento e o ritmo, a seriación e repetición dun motivo nun espazo bidimensional, que é o cadro. Velaquí que *percutir*, segundo a RAG, é “dar un ou varios golpes, especialmente cando se fai de forma repetida”.

Así, Gonzalo xera formas simples e complexas, concavidades de silencio, movemento ou estatismo, como a mesma acción da natureza, quizais nun exercicio de abstracción con indicios icónicos, que xoga ao equívoco. É ese *wabi sabi* —calidade da beleza fuxitiva— ou ese *yugen* —un sentido profundo e misterioso da beleza do universo fronte á triste beleza do sufrimento humano— da estética xaponesa. Tamén observamos un contraste entre un fondo neutro (negro/vermello), o baleiro e a materia, a delimitación do espazo pola materia, ao modo que Carl André facía coa escultura horizontal de materiais de construción.

Ana estampa os seus lenzos con liñas circulares continuas, que crean un *horror vacui* espacial de forma e fondo. Imaxinemos que os seus dedos sobre as teclas do piano viran e viran deixando a súa pegada arqueolóxica. A feixes, a música é circular, polos seus círculos harmónicos, maiores e menores.

Gonzalo xoga cos opostos, baleiro/materia, Ana crea unha armazón de superposición de xestos repetidos, onde o aparente diacronismo que caracteriza a música *per se* se reflicte no sincronismo e no desenvolvemento temporal da imaxe estática en dúas dimensións.

A paleta cromática tamén se usa de forma diversa en ambos os pintores ao servizo da empatía. Na obra de Gonzalo aquela é moi limitada, brancos e grises, pois trátase de desprenderse do superfluo en prol dunha maior esencialidade. Esas pinceladas de branco luminoso, case con luz propia —como aquel branco místico de Zurbarán—, atrapan a o espectador, e o branco roto ou a gris cinza logran construír espazos de penumbra. Ana, ao contrario, usa fondos de cores frías —a gama de azuis e verdes— quizais para os *tempos* máis lentos e intensidades sonoras máis tendentes ao *pianissimo*—, con menor profusión de xestos e fondos de cores quentes —laranxas e vermellos— cando aqueles se aceleran e hai un *crescendo* da xestualidade. Serenidade, calma, axitación, paixón.


A textura, que é táctil por antonomasia, percíbimola visualmente, que é o obxecto da pintura. En tanto que Gonzalo usa o acrílico dun modo máis esencial, coma se dun óleo se tratase, Ana texturiza en capas con vernices, forzando a textura máterica máxima con tendencia plana e utiliza un rotulador con acrílico a modo de pincel para os seus trazos lineais. Pero, neste caso, á textura tamén contribúe a armazón visual de liñas e círculos en baixorrelevo.

Finalmente, como versa o título, as pulsións teñen unha textura de emocións que percuten con diversa gradación no lenzo. E non esquezamos que *percusión* tamén é vida en forma de latexos do corazón. Neste mundo de manifestación pletórica de signos da sociedade de consumo, como dicía Baudrillard, contemplando a obra destes dous artistas, podemos desprendernos dos epítetos da vida mundana para sentir ese hábito de vida interior dunha obra de arte que, deste xeito, estará viva.


<https://www.elcorreogallego.es/tendencias/gonzalo-selles-lenard-y-ana-perez-ventura-la-textura-de-la-pulsion-percutida-en-el-lenzo-BG10528900>

GONZALO SELLÉS LENARD







Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN I.* Acrílico-lenno-táboa. 81x100 cm. 2015




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN I.* Acrílico-lenno-táboa. 120x120 cm. 2012



Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN I.* Acrílico-lenno. 37x18 cm. 2012




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN I.* Acrílico-lenno. 97x130 cm. 2012




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN II.* Acrílico-lenno. 97x130 cm. 2012




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN III.* Acrílico-lenno. 97x130 cm. 2012




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN III*. Acrílico-lenzo. 120x120 cm. 2015




Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. ByN IV*. Acrílico-lenzo. 97x130 cm. 2012



Gonzalo Selles Lenard. *Serie Fuzzi. ByN VI.* Acrílico-lenno. 97x130 cm. 2018.



Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. R+ByN I.* Acrílico-lenno. 97x130 cm. 2012



Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. R+ByN I.* Acrílico-lenno. 120x120 cm. 2017



Gonzalo Sellés Lenard. *Serie Fuzzi. R+ByN I.* Acrílico-táboa. 37x18 cm. 2012

Breve nota biográfica

Gonzalo Sellés Lenard

Ferrol, 1965

Vive e traballa en Vigo.

Artista visual. Xestor cultural e exgalerista. Comisario de exposicións.

Autor de diversos proxectos artísticos e intervencións.

Estuda na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Grao e diploma en Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade de pintura.

Participa en diversos talleres, cursos e seminarios de arte.

Imparte clases de Arte e técnicas artísticas en diversos centros.

Foi presidente da Asociación de Artistas Vigueses e doutras asociacións de arte e cultura.

Organiza e comisaria exposicións, feiras de arte e eventos culturais.

Galerista en Galería de Arte Contemporánea Visual Labora Vigo

Forma parte de numerosas exposicións colectivas e individuais.

Seleccionado en bienais de arte: Vila Nova de Cerveira, Laxeiro en Lalín, Novos Valores en Pontevedra.

Seleccionado en concursos, premios e certames.

A súa obra está presente en coleccións de arte contemporánea.

Colabora en diversas publicacións e medios de prensa.

Actualmente, centrado na realización de exposicións individuais e nun ámbito máis internacional.

Gonzalo Sellés é un artista experimental e inquieto. En cada serie que produce busca novas rupturas no espazo pictórico, enfrontándose á pintura como unha canle complexa e procesual.

A serie: *Fuzzi* - ByN.

Parte do concepto científico de *Fuzzy logic* (Lóxica difusa), onde se pon de manifesto a fragilidade do real: nada pode ser definido sen o seu contexto. Se... Entón... móstrase como unha regra heurística que expón desde o difuso o sistema de control. Xógase con estes conceptos introducindo a repetición obsesiva como punto de partida. Si fago moitísimas pinceladas. Entón aumento drasticamente o espazo poético. Unha pincelada non é nada, pero que ocorre se enchemos o espazo de múltiples pinceladas? Así rexorden desde esta agorafóbica mirada estas pinturas de Gonzalo que enchen toda a superficie do lenzo evocando un mundo vexetal tan soberbio como poético.

Eva Monroy

CURRÍCULUM VITAE / GONZALO SELLES LENARD

Artista visual / Comisario de Arte / Xestor cultural / Exgalerista / Vive e traballa en Vigo. Pontevedra

www.gonzaloselleslenard.com / visuallabora@yahoo.es

2022 Grao na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Especialidade Pintura. TFE - Colección Eiravella.

1991/94 Diplomado na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Especialidade Pintura. 1.ª promoción. Pontevedra.

1990/92 Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Universidade de Vigo. Primeira promoción. 1.º Delegado alumnos. 1.º estatutos asociación de estudantes.

1985/87 Estudos na Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial de Vigo.

CURSOS – TALLERES – SEMINARIOS DE ARTE

2022- Curso “Percorrer o tempo”. Por Cristina de Middel e Bandía Ribeira. Museo do Mar de Galicia. Vigo.

2022- Curso “Fotograbado Solarplates non tóxico”. Por Gloria Alonso. Facultade de Belas Artes. Pontevedra.

2020- Curso “Cubismo cultura moderna”. MNCARS Fundación Telefonica.

2019- Encontro Luso-Galaico. Por João Fernandes. Vila Nova de Ançora. Portugal.

2018- Curso “Cartografía da fotografía actual”. Por Carmen Dalmau. Lab_In Vigo.

2017- “#EAN7”. VII Encontro artistas novos. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

2017- Curso “Libros de artista”. Por Ana Maria Pintora. XIX Fundación Bienal Internacional Arte Cerveira. Portugal.

2017- Curso “Monográfico gravado relevo: Xilografía III”. Por Rosa García. Emao Vigo.

2016- Curso “Monográfico gravado relevo: Xilografía II”. Por Rosa García. Emao Vigo.

2016- Curso “Monográfico grabado relevo: Xilografía I”. Por Rosa García. Emao Vigo.

2015- Curso “En (Re)torno á Paisaxe”. Por Ruth Montiel Arias. Museo de Pontevedra.

2015- Curso “Xestión Cultural 2.0”. Por Paula Cabaleiro. Sala Apo’strophe. Vigo.

2014- Xornadas “Arte en acción. Historia, Obradoiro performances en vivo”. Fundación Laxeiro. Vigo.

2012- Taller fotografía, por Joan Fontcuberta. Premio Luis Ksado. Deputación da Coruña.

2010- Taller “O que a pintura non é”, por Almudena Fernández Fariña. 12 a 16 de abril. Marco, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

2010- Taller “Xogando coa fotografía”, por Carlos Puga. Museo Verbum. Casa das Palabras. 19 febreiro a 7 de marzo. Concello de Vigo.

2010- III Obradoiro de Gravado da Illa de San Simón, por Xavier de Sousa e Pilar Fernández Rey. 11-13-15 xaneiro. Multiusos Redondela. Concello de Redondela. Pontevedra.

2008- “Crear cultura, imaxinar país”. XXV anos Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

2008- “Creación artística e identidades culturais”. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

2006- Seminario “A Linguaxe dos Símbolos na Cultura Galega”. Concello de Vigo.

2005- “Arte Contemporánea na Democracia”. 24 e 25 novembro. Marco de Vigo. Ministerio de Cultura. Vigo.

2001- “10 Conceptos para entender a arte contemporánea”. 12-16 novembro. Fundación Laxeiro. Vigo.

2001- Curso “Montaxe de Exposicións de Arte”, por Juan Carlos Rico. Centro Galego de Arte Contemporánea. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

2001- “A arte de fin de século” (1980-2000), por Antón Castro. 10, 17 e 31 marzo. Centro Galego de Arte Contemporánea. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

2000- “Vigo, un espazo para a arte e a cultura contemporánea S. XXI”. 1-2 decembro. Concello de Vigo.

2000- “10 anos de centros de Arte Contemporánea”. 29-30 setembro. Consello da Cultura Galega.

1994- Seminario “Técnicas Infográficas”, por Raúl Alcalá. Santiago de Compostela.

1993- Seminario; “Infografía”, por Raúl Alcalá, da Universidade de Cuenca. Pontevedra.

1993- Curso “Derivacións Calcográficas”, Jesús Pastor, Xunta de Galicia. Pontevedra.

1992- Curso de “Técnicas de Gravado”, Raimundo Orozco. Xunta de Galicia. Pontevedra.

1992- “Do xeso aos materiais compostos”, Introducción ao modelado e vaciado, por Gerardo Martínez García. Escola de Canteiros de Poio. Pontevedra.

1991- “Técnica e manexo de Vídeo S8”, por Julia Otero. Pontevedra.

1991- “A escultura e a idea: Proceso estético, proceso industrial”. Curso de verán da Universidade de Vigo. 8-11 xuño. Castelo de Soutomaior. Pontevedra.

1984/87- Estudos de debuxo e pintura - Dr. Lic. Fernando Artal e M.ª J. Moreno. Vigo.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS (selección)

2022- *Sincronía. Tempo e xesto*. Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard. Museo do Mar de Galicia. Vigo.

2019- *Un-Limited*. Sala Cámara Municipal Caminha. Portugal.

2015- *Lóxica temporal*. Galería Soho de Vigo. Vigo.

2015- *Lóxica temporal*. Sala Santa Cecilia, Ateneo. Marín. Pontevedra.

2015- *Lóxica temporal*. Sala Edificio Administrativo Xunta de Galicia. Pontevedra.

2014- *Flora Loira*. Hotel-Spá Monte Prado. Monção. Portugal.

2012- *Un-Limited*. Centro Cultural de Beade. Vigo.

2012- *Fuzzi*. Sala Palacete Mendoza. Turismo Deputación de Pontevedra.

2012- *(De) Serie’4*. Sala Edificio Multiusos Xunqueira. Concello Redondela. Pontevedra.

2011- *(De) Serie’5*. Sala Edificio Xunta de Galicia. Pontevedra.

2011- *Flora-Loira*. Detrás do Marco. Vigo.

2010- *Xornadas Arte e Gastronomía*. A Rotonda. Hotel Zenit. Vigo.

2009- *Un-Limited* Centésima Páxina. Braga. Portugal.

2007- *Pintar con Luz*. Instalación fortaleza Valença, obra seleccionada. XIV Bienal Internacional de Vilanova de Cerveira. Portugal.

2003- *Visual Labora*. Galería de Arte Contemporánea Visual Labora. Vigo.

1999- *Visual Labora*. Galería de Arte Contemporánea Visual Labora. Vigo.

1998- *Flora Loira*. Casa da Cultura. Melgaço. Portugal.
1991- *Alumno de Belas Artes*. Real Club Náutico Mar de Aguete. Marín. Pontevedra.

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS - CONCURSOS (selección)

2022- *Exposición Solidaria* – Fundación Bienal Internacional Arte Cerveira. Portugal.
2019- Encontro Luso-Galaico. Vila Nova de Ançora. Portugal.
2017/18/19- *XII Bienal Eixo Atlántico*. Exposicións itinerantes Norte Portugal Galicia.
2017- *13 = miscelánea*. Galería Soho de Vigo.
2017- *Libros de artista*. XIX Fundación Bienal Internacional Arte Cerveira. Portugal.
2017- *XXII Bienal Arte no Morrazo*. Sala Auditorio. Concello de Cangas.
2017- *Encontros, desencontros... naturais*. Quadro. Vigo.
2017- *Fluíndo no Lérez V*. Encontro Arte e Natureza. Concello de Pontevedra.
2017/19/22- *Unha viaxe solidaria e creativa á vida*. Sala I Afundación. Vigo.
2016- *Camiños ó bo trato*. Sala I Afundación. Vigo.
2015/16/17- *XI Bienal Eixo Atlántico*. Exposicións itinerantes Norte Portugal Galicia.
2015/16- *Colectiva Nadal*. Galería Soho de Vigo.
2015- *THAT!*. Sala Edificio Administrativo Xunta de Galicia. Pontevedra.
2015- *Andante*. Galería Apostrophe'. Vigo.
2015- *Artistas internacionais*. Ordem dos Médicos. Oporto. Portugal.
2015- *XXXI Certame Pintura*. Concello de Cambre. A Coruña.
2014- *Portas Abertas*. Fundação Eugénio Almeida. Évora. Portugal.
2014- *Mercart*. I Feria Arte. Vilagarcía de Arousa.
2014- *Portas Abertas*. Hotel-rural Malaposta. Vila Nova de Cerveira. Portugal.
2013- *XI Bienal Pintor Laxeiro*. Museo Ramón M^a Aller. Lalín. Pontevedra.
2013- *Andante*. Centro Cultural. Deputación de Ourense.
2012- *Solidarizarte.org*. Casa das Artes. Concello de Vigo.
2011- *XVI Certame Arte no Morrazo*. Concello de Cangas. Pontevedra.
2010/11/12- *XV-XVI-XVII Mostra de Artistas da Bisbarra*. Castelo de Soutomaior. Concello de Soutomaior e Deputación de Pontevedra.
2010- *XIII Premio Pintura Terras de Iria*. Concello Padrón, Rois e Dodro. A Coruña.
2010- *Haití*. Museo de Pontevedra. Sexto Edificio. Deputación de Pontevedra.
2010- *Camiño de Camiños*. Multiusos. Concello de Redondela.
2009/10/11- *Arte na Leira*. Serra de Arga. Caminha. Portugal.
2008/09/10/12- *Caritarte*. Sala Rivas Briones. Concello Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.
2007- *Intramuros*. Convento Santo Domingo. Lanzarote. Canarias.
2007- *Arte & Alzheimer*. Estación Marítima Porto de Vigo.

2007- *Pintar con Luz*. Instalación fortaleza Valença, obra seleccionada. XIV Bienal Internacional Vila Nova de Cerveira. Portugal.
2006- *Contemporánea Nadal 06*. Galería A Carón do Mar. Cangas. Pontevedra.
2004- *Fotografía sen Fotografía*. Sentidos Gratis. Laboratorio das Artes. Guimarães.
2003- *Sentidos Gratis 6.0*. Convento San Francisco. Coímbra. Portugal.
2002- *Obra Gráfica Cubana Actual*. Galería Visual Labora. Vigo.
2002- *Arte para Levar*. Galería Visual Labora. Vigo.
2002- *Sentidos Gratis 5.0*. Oporto. Portugal.
1999/2000- *Supermercado da Arte*. American Prints-Visual Labora. Vigo.
1999/03- Galería de Arte Visual Labora. Vigo. 36 Exposicións comisariadas. Vigo.
1999- *I Salón de Arte VIGART*. VIGOFEIRA. Recinto Feiral Cotogrande, Vigo.
1997- *Formato Cadrado 30 x 30*. Exposición itinerante; Concellos de Ortigueira, Ordes, Betanzos e Ferrol. A Coruña.
1996- *Formato Cadrado 30 x 30*. Sala dos Peiraos. Concello de Vigo.
1995/96/97/98/99- *Arte na Estación*. Estación de RENFE. Asociación Artistas Plásticos Vigo.
1995/96/97/98/99- *Feira Artes Plásticas Vigo*. Estación RENFE. Asociación Artistas Plásticos Vigo.
1994/95/96/97/98/99- *Feira Debuxo Gravado Galicia*. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia.
1993- *Pequeno Formato*. Sala Exposicións Delegación de Cultura. Xunta. Pontevedra.
1992- *Pequeno Gravado*. Sala Exposicións Delegación de Cultura. Xunta. Pontevedra.
1991- *Exposición-Inauguración* do Centro Cultural Xinzo de Limia. Ourense.
1991- *Belas Artes 91*. Casa das Artes de Vigo.
1991- *Alumnos de Belas Artes*. Real Club Náutico Mar de Aguete, Marín. Pontevedra.
1991- *Colectivo de Artistas Galegos*. Sala Exposicións BBVA de Vigo.
1991- *I Concurso fotográfico*. Xunta do Porto de Vigo.
1991- *Arte Xoven Galega*. Vigo.
1990- *Artistas Vigueses Casco Vello*. Sala Exposicións RENFE Vigo.
1990- *3 Xoven pintura viguesa*. Sala de Exposicións do Círculo Mercantil de Vigo.
1990- Casa da Xuventude de Vigo. Concello de Vigo.
1989/1990- *Novos Valores*. Deputación de Pontevedra.
1989- *46 xoves artistas vigueses*. Sala de exposicións Colexio de Arquitectos de Vigo.
1988- *4 artistas vigueses*. Sala de Exposicións Unturbe. Edificio Sereas. Segovia.
1988- *EBDAP*. Sala da Delegación de Cultura da Xunta de Galicia. Pontevedra.
1988- *EBDAP*. Sala de Exposicións do Hotel Araganey. Santiago de Compostela.
1988- *EBDAP*. Centro cultural Cidade de Vigo. Sala exposicións Concello de Vigo.
1983- *Arte Xove Galega*. Vigo.

BIBLIOGRAFÍA

Catálogos exposicións colectivas, certames e concursos

Publicacións en medios de prensa, revistas, periódicos e diarios

Colaboracións en deseño e ilustracións en publicacións

COLECCIÓN

Xunta de Galicia

Deputación de Pontevedra

Concello de Vigo

Zona Franca de Vigo

Porto de Vigo

RENFE Vigo

Colexio de Arquitectos de Vigo

EMAO Vigo

Fundación Araguey Santiago

MOPU Pontevedra

Concello de Pontevedra

Facultade Belas Artes Pontevedra

ESCRBCG Pontevedra

Real Club Náutico Mar de Aguete, Marín. Pontevedra

Concello de Redondela

Colección Andante. Allariz. Lugo

Fundação Eugénio Almeida. Évora. Portugal

Fundación Bienal Internacional Arte Cerveira. Portugal


Concello de Caminha. Viana do Castelo. Portugal

Cooperativa Árvore. O Porto Portugal

Sentidos Gratis. Oporto. Portugal

Coleccións privadas e particulares

ANA PÉREZ VENTURA







Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 105.* Acrílico sobre lenzo. 130x97 cm. 2012




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 126,* Acrílico sobre lenzo. 130x97 cm. 2012




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 127.* Acrílico sobre lenzo. 130x97 cm. 2012



Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 164.* Acrílico sobre lenzo. 146x114 cm. 2013




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 165*. Acrílico sobre lenzo. 146x114 cm. 2013




Ana Pérez Ventura. *Trois Études*. Acrílico sobre lenzo. 100x249 cm. 2014




Ana Pérez Ventura. 12 Études. Acrílico sobre lenzo. 158x172 cm. 2014-2017



Ana Pérez Ventura. Étude n.º 213. Acrílico sobre lenzo. 35x27 cm. 2018




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 214*. Acrílico sobre lenzo. 35x27 cm. 2018




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 215*. Acrílico sobre lenzo. 35x27 cm. 2018




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 228*. Acrílico sobre lenzo. 114x162 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. Detalle *Étude n.º 228*




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 230.* Acrílico sobre táboa. 100x70 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 232.* Acrílico sobre lenzo. 146x97 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 234.* Acrílico sobre táboa. 100x70 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 239.* Acrílico sobre lenzo. 35x27 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 240.* Acrílico sobre lenzo. 35x27 cm. 2019




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 241.* Acrílico sobre táboa. 40 cm de diámetro. 2020




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 243*. Acrílico sobre táboa. 40 cm de diámetro. 2020




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 267*. Acrílico sobre táboa. 40 cm de diámetro. 2021




Ana Pérez Ventura. *Deux Études (Les Adieux)*. Acrílico sobre lenzo. 116x178 cm




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 253*. Acrílico sobre lenzo. 55x46 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 257*. Acrílico sobre lenzo. 55x46 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 260*. Acrílico sobre lenzo. 55x46 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 252*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 254*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 255*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 256*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 258*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 259*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 261*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 262*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021




Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 263*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021



Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 264*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021



Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 265*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021



Ana Pérez Ventura. *Étude n.º 266*. Acrílico sobre lenzo. 41x33 cm. 2021

Breve nota biográfica

Ana Pérez Ventura (Santiago de Compostela, 1981) compaxina a súa actividade plástica coa musical, mantendo entre elas unha relación de proximidade. Formada en Belas Artes nas universidades de Vigo e Barcelona e en Música nos conservatorios de Vigo e Ámsterdam, no ano 2009 realizou un máster na Sorbona sobre as relacións entre ambas as disciplinas e desde entón reside en París, investigando sobre as posibilidades da interacción entre artes visuais e música, coa repetición como recurso fundamental.

A súa propia experiencia como pianista e os exercicios de repetición, que realiza diariamente como base da súa rutina para perfeccionar o dominio do instrumento, servíronlle de base para expor unha obra que xa foi premiada co Artension e con bolsas da Fundación Barrié de la Maza ou a da Fundación Segundo Gil Dávila. Tamén participou no II Encontro de Artistas Novos na Cidade da Cultura de Galicia, presentou mostras individuais no Colexio de España en París e nas galerías parisienses H. Gallery, Artemper e Point Doré. Tamén participou en colectivas no Château de Veyrie de Bernin, Abstract Projet, o Parc Floral, a Galerie Sisso, a Politécnica de Valencia ou o Guoyi Art Museum.

As súas dúas paixóns discorreron ao longo da súa vida por camiños parellos ata que as enlaza dunha forma moi natural, buscando que a arte lle sirva para capturar e deixar constancia material do tempo intanxible da música. Na súa obra plástica ten unha grande importancia a súa experiencia como pianista clásica. Son innumerables as horas repetindo exercicios e pasaxes de partituras que se convierten en xestos sobre o instrumento. Neste proceso lento de aprendizaxe, o corpo necesita interiorizar os movementos e iso conséguese unicamente mediante a repetición. É un proceso efémero que se dilúe a medida que se produce e deixa de selo cando o leva á pintura.

Interésanlle as diferentes variacións que se producen inevitablemente en cada repetición. Co seu traballo pictórico fai un rexistro orgánico do paso do tempo, como un metrónomo humano. Emprega en cada proxecto a técnica máis axeitada, buscando a que se adapte mellor á idea que quere transmitir. A procura de solucións técnicas forma parte dunha obra que se move no universo de autores que lles dan moita importancia ao proceso de traballo, á serialidade ao ritmo e ao mantemento de padróns. Pollock, Sexan Scully, Opalka, Klee, Agnes Martin, Wenzel Ziersch, Ignacio Uriarte, Gregory Hayes...sitúanse, sen dúbida, entre algúns dos seus referentes.

CURRÍCULUM VITAE / ANA PÉREZ VENTURA

Santiago de Compostela, 1981 | Vive e traballa en París
www.anaperezventura.com | ana@anaperezventura.com

FORMACIÓN

2009-2011: Université Sorbonne-Paris IV | Máster en Música | Especialidade Música e Artes Plásticas
2003-2008: Conservatorio Superior de Música de Vigo | Título Superior de Música | Especialidade Piano
1999-2004: Universidade de Vigo | Licenciatura en Belas Artes | Especialidade Pintura

PREMIOS E BOLSAS

2014: Premio da revista *Artension* | Salon des Réalités Nouvelles (Francia)
2012: Bolsa II Encontro de Artistas Novos | Cidade da Cultura de Galicia
2010-11: Bolsa Fundación Pedro Barrié de la Maza
2009-10: Bolsa Fundación Segundo Gil Dávila
2003-04: Bolsa Séneca | Facultade de Belas Artes de Barcelona

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS (selección)

2022: *Sincronía. Tempo e xesto. Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard* | Comisaria Fátima Otero | Museo do Mar de Galicia | Vigo
2020: *Cuestión de tempo* | Espazo Torrado | Cambados
2019: *Études* | Galería Metro | Santiago de Compostela
2017: *La Mesure du Temps* | H Gallery | París (Francia)
2014: *Vibrations* | Galerie Artemper | París (Francia)
2013: *Espace et répétition* | Maison des Étudiants Suédois | Cité Internationale Universitaire de París | París (Francia)
2012: *Le temps comme espace* | Maison de la Recherche de l'Université Paris-Sorbonne | París (Francia)
2010: *Études* | Colexio de España | Cité Internationale Universitaire de París | París (Francia)

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS (selección)

2022: *Cruzamentos na arte galega da Colección CGAC* | CGAC | Comisarios: Sara Donoso e Santiago Olmo | Santiago de Compostela
2021: *Néboas de luz. Unha mirada a Galicia – Colección CGAC* | Centro Cultural Marcos Valcárcel | Comisaria: Sara Donoso | Ourense. *Salon des Réalités Nouvelles* | Espace Communes | París (Francia)
Estampa | Galería Metro | Ifema | Madrid
Biennale Internationale d'Art Non Objectif | www.konstruktiv.ist (exposición virtual)
2020: *Art Marbella* | Galería Metro | Palacio de Feiras e Congresos | Marbella
Confinados | Galería Metro | Santiago de Compostela
Couleurs | Galerie Abstract Project | París (Francia)
JustMad XI | Galería Metro | Palacio de Neptuno | Madrid
Pasearte | Galería Metro | Santiago de Compostela

Salon des Réalités Nouvelles | Parc Floral | París (Francia)
XI Premio Auditorio de Galicia | Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela
JustMad X | Galería Metro | Palacio de Neptuno | Madrid
2018: *Pasearte* | Galería Metro | Santiago de Compostela
Salon des Réalités Nouvelles | Parc Floral | París (Francia)
365 Artists 365 Days Project: The Show | The Frank Juarez Gallery | Milwaukee (Estados Unidos)
Dessins? | H Gallery | París (Francia)
Abstractson | Abstract projet | comisario: Michel-Jean Dupierris | París (Francia)
2017: *Format de poche* | Abstract projet | París (Francia)
X Premio Auditorio de Galicia | Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela
Salon des Réalités Nouvelles | Parc Floral | París (Francia)
RN Hors les Murs | Château de la Veyrie | Bernin (Francia)
2016: *Salon des Réalités Nouvelles* | Parc Floral | París (Francia)
Harmonies Constructivistes | Galerie Sisso | comisarias: Helianthe Bourdeaux-Maurin e Margaux Wetzer | París (Francia)
Réalités Nouvelles 70 ans [2/4] | Abstract projet | París (Francia)
50 Negros – Misha Bies Golas | Universidade Politécnica de Valencia | Valencia
2015: *Salon des Réalités Nouvelles* | Parc Floral | París (Francia)
2014: *RN Hors les murs* | Guoyi Art Museum | Beijing (A China)
Salon des Réalités Nouvelles | Parc Floral | París (Francia)
La Vietnamita | Espacio OTR | comisario: Marlon de Azambuja | Madrid
8º Premio Auditorio de Galicia | Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela
2013: *Salon des Réalités Nouvelles* | Parc Floral | París (Francia)
NordArt 2013 | Kunstwerk Carlshutte | Budelsdorf (Alemaña)
XI Bienal Pintor Laxeiro | Museo Ramón María Aller | Lalín

BIBLIOGRAFÍA

Études, Galería Metro e Xunta de Galicia, 2019
«Ana Pérez Ventura», Art Absolutement hors serie Réalités Nouvelles, out. 2017, p. 14
«Ana Pérez Ventura, en espaces de crochets», *Artension*, n.º 134, nov. 2015, p. 46-47
«Ana Pérez Ventura», ANHAD, Asociación Nacional de Historiadores da Arte e Deseño, n.º 7 (edición especial), 2011, p. 7
«Ana Pérez Ventura: música e arte», ANHAD, Asociación Nacional de Historiadores da Arte e Deseño, n.º 4 (xullo), 2011, p. 9-11
Rosa Gómez Limia e Patricia Núñez Sánchez, «Ana Pérez Ventura», *100 MULLERES GALEGAS: Artistas Emerxentes*, Asociación Teenses pola igualdade e Xunta de Galicia, 2010, p. 36-39

COLECCIÓNS PÚBLICAS

Centro Galego de Arte Contemporánea, Sección CGAC - Xacobeo
Colexio de España, París (Francia)
Centro Galego de Barcelona

